

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

PILAR ROZAS ALONSO, SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 23 de maio de 2023, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

INCOACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES CONDUTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MEIRA.-

Visto a necesidade de contratar a tres condutores do vehículo motobomba para a prevención e defensa contra incendios forestais na campaña de verán do ano 2023, dentro do marco do convenio de colaboración suscrito polo Concello de Meira coa Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.-

Vista a providencia de alcaldía, de data 19 de maio de 2023, que literalmente se transcribe:

“PROVIDENCIA DO ALCALDE DE INCOACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A APROBACIÓN DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE TRES CONDUTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MEIRA NO ANO 2023.

O Concello de Meira ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local unha serie de competencias que están recollidas no artigo 25, así como no artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, tales como:

- *Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*
- *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

As continuas etapas de seca que veñen ampliando a etapa estival nos últimos anos están a provocar que o período de alto risco de incendio teña unha presenza destacada na axenda das distintas administracións públicas.

O Concello de Meira non é alleo a esta situación debido á súa situación ao pé da Serra de Meira, espazo natural protexido e onde existe unha masa forestal densa e variada e que en moitos casos están ao carón de núcleos de vivendas.

En virtude do convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Meira para a prevención dos incendios forestais, a administración autonómica achegará ao concello unha axuda máxima de 15.000,00 € para a contratación de persoal durante un período de tres meses do vehículo motobomba.

En virtude da Resolución da Alcaldía do 26 de xuño do 2019, o Alcalde delegou na Xunta de Goberno Local entre outras, a aprobación das bases de selección de persoal.

Tendo en conta á necesidade de contar con medios materiais e humanos, a urxencia e necesidade de poder levar a cabo a contratación para poder dar o servizo de prevención e extinción de incendios, no uso das competencias atribuídas pola lexislación do réxime local, é polo que,

DISPOÑO:

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

Primeiro.- *A incoación do expediente para a aprobación das bases de selección en réxime de dereito laboral temporal de tres condutores para o vehículo motobomba do Concello de Meira durante o período de tres meses no ano 2023.*

Segundo.- *Que o sistema de selección sexa o de concurso-oposición.*

Terceiro.- *Que se acheguen os informes técnicos e xurídicos que sexan preceptivos no presente expediente elevando a proposta para a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.*

Cuarto.- *Que se proceda á publicación íntegra das bases no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, na Sede Electrónica e anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.*”

Visto o informe xurídico do procedemento de selección para a contratación en réxime laboral temporal de tres condutores do vehículo motobomba do Concello de Meira mediante o sistema de concurso-oposición.-

Redactadas as Bases que rexerán a contratación laboral de tres condutores do vehículo motobomba para a prevención e defensa contra incendios forestais do concello de Meira.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros presentes, que son o número que legalmente a constitúe, e en votación ordinaria, **ACORDOU:**

Primeiro: aprobar as seguintes bases que rexerán a contratación laboral de tres condutores do vehículo motobomba para a participación na defensa contra incendios forestais do concello de Meira, ano 2023, e que a continuación se transcriben:

“BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES CONDUTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA PARA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MEIRA.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a través do proceso de selección de concurso-oposición, de TRES (3) CONDUTORES DE VEHÍCULO MOTOBOMBA para a prestación do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais na tempada de incendios do ano 2023 (tres meses).

Este proceso convócase en virtude do Convenio de Colaboración, cofinanciado parcialmente co fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, todo elo de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais disposicións de pertinente aplicación.

2. CONDICIÓNS DO CONTRATO.

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

A contratación dos postos obxecto destas bases formalizaranse baixo a modalidade de relación laboral de duración determinada, segundo o disposto no artigo 15.1 a) do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, ditado en desenrolo do Estatuto dos traballadores.

A duración dos contratos quedará suxeita ao establecido no Convenio de colaboración ao que se fai referencia no punto 1 destas bases. Se por algunha causa, allea ao Concello de Meira, non se puidera prestar o servizo de Prevención e Defensa contra incendios forestais, estas contratacións quedarán sen efecto.

O cometido funcional deste posto de traballo e a súa extensión consistirá en realizar as tarefas propias da súa categoría e grupo profesional, que están relacionadas e encamiñadas á prevención e defensa contra os incendios forestais.

3.- NORMATIVA APLICABLE.

Ao proceso selectivo seralle de aplicación o previsto no TREBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no TREBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia.*
- Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.*
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.*
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.*
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.*
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na administración.*
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.*

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

4. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Os requisitos necesarios para poder participar no proceso de selección son:

- *Ser español, ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea, estranxeiro con residencia legal en España ou atoparse nos demais supostos previstos no artigo 57 do Estatuto básico do empregado público.*
- *Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.*
- *Estar en posesión do certificado de escolaridade. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión, na mesma data do remate de presentación das instancias, da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo organismo competente.*
- *Ter capacidade para ser contratado conforme ao disposto no Estatuto dos Traballadores.*
- *Estar en posesión do carné de conducir clase C, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes do presente proceso selectivo.*
- *Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, nos seus Estados, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*
- *Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.*
- *Non padecer enfermidade ou defecto físico algún que impida o exercicio das funcións inherentes ao posto de traballo posuíndo a capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento do mesmo. A tal efecto os aspirantes propostos polo Tribunal de Selección deberán pasar un recoñecemento médico no cal sexan cualificados como aptos.*

Estes requisitos previstos nos puntos anteriores estarán referidos á data de expiración do prazo de presentación de instancias e deberán manterse con posterioridade ata a contratación laboral.

5. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



**Concello
de Meira**

As instancias solicitando tomar parte na convocatoria dirixiranse ao Alcalde da Corporación, segundo modelo oficial que figura como anexo I a esta convocatoria, e presentarse no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas, Lei 39/2015 do 1 de outubro, no prazo de cinco (5) días naturais contados dende o seguinte ao da data de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

As instancias deberán ir acompañadas dos seguintes documentos:

- *Fotocopia do DNI ou pasaporte.*
- *Fotocopia da Titulación esixida nesta convocatoria.*
- *Fotocopia do permiso de conducir C.*
- *Fotocopias dos méritos alegados para a valoración da fase de concurso.*
- *Declaración responsable segundo o modelo que se xunta a estas bases.*

Non será necesario compulsar a documentación acreditativa do perfil requirido, salvo os que resulten seleccionados/as, que o farán con carácter previo á sinatura do contrato, na fase de acreditación dos requisitos establecidos nas presentes bases.

6. PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO.

Con motivo de garantir a publicidade e concorrencia, o anuncio da convocatoria farase público mediante anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como a publicación íntegra das bases no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello de Meira.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Meira e na páxina web do Concello.

7. ADMISIÓN DE CANDIDATOS.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará Resolución aprobando a listaxe de admitidos e excluídos, que será publicada no Taboleiros de Anuncios e na páxina web do Concello, dispoñendo dun prazo de tres (3) días naturais para emendar os posibles defectos que provocaron a exclusión.

No caso de non presentarse reclamacións no prazo sinalado no parágrafo anterior, a listaxe provisional de admitidos e excluídos quedará elevada a definitiva, podendo presentarse contra a mesma os recursos previstos na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na mesma Resolución, establecerase o tribunal cualificador do proceso selectivo.

8. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe o Alcalde, publicándose a súa composición coa lista definitiva das persoas do presente proceso selectivo.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros en todo caso pertencerán a corpos de igual ou superior grupo ao do corpo ao que optan os aspirantes.

Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual e aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designou, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, conorra neles algunha das circunstancias previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común.

A solicitude de recusación poderase presentar de xeito electrónico a través do rexistro electrónico do Concello de Meira.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a presidente/a e do secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, alo menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas coas labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas.

Así mesmo, o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico sector público e do procedemento administrativo común a través do recurso de alzada ante a concellería competente en materia de persoal, de acordo co precisado no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O recurso de alzada poderá presentarse de xeito electrónico a través do rexistro electrónico do Concello de Meira.

Alternativamente poderase presentar en soporte papel na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Meira, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interperse recurso ante a autoridade que nomee ao seu presidente.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente en cada momento.

As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

9. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O sistema de selección é o de concurso-oposición, composto pola fase de valoración dos méritos alegados polos aspirantes, e a puntuación que obteñan na proba práctica do proceso selectivo.

9.1. FASE DE CONCURSO:

9.1.1) Experiencia laboral profesional: (Puntuación máxima: 8 puntos).

Por acreditar ter experiencia en servizos efectivos prestados nas Administracións Públicas na mesma praza, categoría ou realizando as mesmas funcións que na praza que se convoca: 0,25 puntos/mes.

Por acreditar ter experiencia nun posto de traballo da mesma categoría e relacionado coas funcións da praza que se convoca en empresas privadas: 0,10 puntos/mes.

A puntuación outorgarase por meses efectivos de traballo a xornada completa. As contratacións a tempo parcial prorratearanse segundo corresponda. Non se terán en conta os períodos inferiores ao mes.

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito, dentro do prazo de presentación de instancias:

-Os servizos prestados na Administración pública, mediante certificación expedida pola autoridade ou persoal funcionario competente, que reflicta o corpo ou grupo profesional de pertenza.

- Os servizos prestados en empresas privadas, mediante presentación do modelo oficial de certificado de empresa ou informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social aos que se deberán acompañar os contratos de traballo debidamente rexistrados polo Servizo Público de Emprego.

9.1.2) Formación relacionada co desempeño do posto de traballo: (Puntuación máxima: 2 puntos).

Por participar en actividades formativas (cursos, seminarios, congresos ou xornadas), sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, Universidade, centro público de formación ou impartido por empresas ou centros privados homologadas por unha Administración pública:

- ♣ Por cursos de ata 10 horas de duración: 0,10 puntos por curso.*
- ♣ Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,15 puntos por curso.*
- ♣ Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos por curso.*
- ♣ Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos por curso.*
- ♣ Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,40 puntos por curso.*

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha non serán valorados.

Para acreditar a formación haberá de achegarse fotocopia dos documentos oficiais que acrediten a súa superación e/ou obtención.

A cualificación dos méritos na fase de concurso será anterior á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e, de ser posible, na súa páxina web.

Co resultado da citadas puntuacións comunicarase a data, hora e lugar de celebración da fase de oposición.

Non se terán en conta os méritos que sexan presentados con posterioridade a data de finalización de presentación de instancias.

A puntuación obtida na fase de concurso no terá carácter eliminatorio e non poderá terse en conta para superar o exercicio da fase de oposición.

9.2. FASE DE OPOSICIÓN:

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada co posto de traballo de condutor de vehículo motobomba.

Esta proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Valorarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superala obter un mínimo de 10 puntos.

Para realizar esta proba, os candidatos serán convocados mediante anuncio na páxina web en no Taboleiro de Anuncios do Concello de Meira.

A puntuación final será a suma total obtida, propoñéndose para o seu nomeamento á persoa que acade a maior puntuación, quedando os demais nunha listaxe de reserva pola orde de puntuación por si se producise algunha renuncia ou baixa durante o contrato.

Se houbese igualdade na puntuación final entre 2 ou máis candidatos, a orde establecerá a puntuación da proba práctica.

Se aínda así persistira o empate, resolverase mediante sorteo en presenza dos aspirantes.

10. RESOLUCIÓN DO CONCURSO-OPOSICIÓN.

*A puntuación total dos participantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición, cunha **puntuación máxima de trinta (30) puntos**.*

En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Edictos do Concello de Meira.

11. DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁN PRESENTAR OS ASPIRANTES PROPOSTOS POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A SÚA CONTRATACIÓN.

Rematado o proceso selectivo e coas persoas que acaden a maior puntuación, será formulada unha proposta polo tribunal para a formalización da relación laboral temporal co Concello de Meira.

A estes efectos, as persoas seleccionadas, terán un prazo máximo de dous días naturais para presentar copia da seguinte documentación:

- Certificado médico que acredite a capacidade para o desenvolvemento das tarefas.*
- Certificado do número de conta bancaria.*

No caso de que a persoa seleccionada non reúna os requisitos necesarios para a contratación ou renunciase á mesma, poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para eses casos a modalidade de contratación laboral.

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

En todo caso a falsidade nalgún dos requisitos esixidos para o acceso ao emprego público, determinará a nulidade do contrato de traballo formalizado previamente.

A resolución da contratación e o nomeamento farase polo Presidente da Corporación municipal, a proposta do tribunal cualificador, formalizando o correspondente contrato laboral temporal, acordo coa lexislación laboral ao efecto.

12. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Todos os actos administrativos derivados desta Convocatoria, así como das actuacións dos Tribunais Cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Contra as presentes Bases e a Resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Meira a na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Asdo. Antonio de Dios Álvarez

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____ con DNI _____, e enderezo en _____, de conformidade co previsto nas bases para a contratación en réxime laboral de persoal de axuda no fogar do Concello de Meira:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- A) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- B) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- C) Non estar incurso en causa de incompatibilidade para o posto.

Meira, a _____ de _____ de 2023

Asdo:

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

ANEXO I- SOLICITUDE ADMISIÓN PROCESO SELECTIVO PRAZA DE TRES CONDUTORES DE VEHÍCULO MOTOBOMBA DA BRIGADA DE INCENDIOS.

APELIDOS E NOME:

N.I.F.:

DATA DE NACEMENTO:

TELÉFONO DE CONTACTO:

CORREO ELECTRÓNICO:

ENDEREZO:

EXPÓN:

Que aberto o prazo de admisión de solicitudes para participar na convocatoria efectuada polo Concello de Meira para a contratación temporal de TRES CONDUTORES DE MOTOBOMBA PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS e reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria para a contratación dos postos citados.

SOLICITA:

Ser admitido/a para participar no proceso de contratación de TRES CONDUTORES DE MOTOBOMBA co fin de ser contratado/a para dito servizo e aceptando as bases da presente convocatoria.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA.

- A) Fotocopia de méritos.
- B) Fotocopia do D.N.I. ou pasaporte.
- C) Fotocopia do carné de conducir C.
- D) Fotocopia do título esixido na convocatoria.
- E) Declaración responsable.

Declaro baixo xuramento que son certos os datos que figuran nesta instancia e que reúno tódolos requisitos esixidos nas bases para ser contratado/a como TRES CONDUTORES DE MOTOBOMBA PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

Meira, a ____ de _____ de 2023.

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MEIRA

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade do CONCELLO DE MEIRA con CIF P2702900H e domicilio social sito en PRAZA DO CONCELLO S/N, 27.240 Meira, Lugo, coa finalidade de atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Meira. En cumprimento da normativa vixente, o CONCELLO MEIRA, informa que os datos serán conservados durante o período legalmente establecido. Así mesmo, informámoslle que a lexitimación do tratamento dos seus datos é en base ao interese público ou no exercicio de poderes públicos. Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados en caso de ser necesario a: administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado. A súa vez, informamos que pode contactar co Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE MEIRA, dirixíndose por escrito á dirección de correo concello.de.meira@eidolocal.es ou ao teléfono 982330102. De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como o do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ao correo electrónico concello.de.meira@eidolocal.es. Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

Segundo.- Que se procede á publicación das bases do proceso selectivo no Taboleiro de Anuncios do Concello de Meira, páxina web e na Sede electrónica así como a publicación do anuncio de convocatoria no BOP de Lugo; publicando os sucesivos anuncios en relación con este proceso no Taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, da orde e co Visto e Prace do señor alcalde, que firmo en Meira, na data da sinatura electrónica.

A secretaria accidental

Visto e prace
O alcalde

Pilar Rozas Alonso

Antonio de Dios Álvarez